

Nome _____ Data _____


REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A **hidrosfera** é a capa de auga da Terra. Está formada por **auga salgada** e **auga doce**. A auga está en continuo movemento.

1 **Escribe se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Despois, copia correctamente as oracións falsas.**

- A maior parte da auga da hidrosfera é doce.
- A auga doce está en ríos, lagos, augas subterráneas...
- As mareas son subidas e baixadas do nivel dos ríos.
- As correntes mariñas son desprazamentos de grandes masas de auga por diferenzas de temperatura.

2 **Completa o debuxo do ciclo da auga.**



As augas da Terra

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

As augas continentais agrúpanse en **superficiais** e **subterráneas**.

1 Explica as diferenzas entre estes termos.

- Augas superficiais e augas subterráneas: _____

- Leito e caudal: _____

2 Completa.

Os glaciares son unha capa grosa de _____ que se forma pola
acumulación de _____. Os _____ son correntes continuas
de auga. Os acuíferos son depósitos _____ de auga.

3 Observa o debuxo e complétao coas palabras.



1. Curso alto
2. Curso medio
3. Curso baixo
4. Afluente
5. Desembocadura

Nome _____ Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

Os **ríos** de España son moi **variados** porque as zonas polas que discorren teñen relevos e climas moi distintos.

En España hai tres **vertentes**: a **cantábrica**, a **atlántica** e a **mediterránea**.

1 Completa este texto.

Os ríos son _____ cando nacen en montañas afastadas do mar onde desembocan; se están próximas, son _____. Cando os ríos pasan por zonas con clima seco, teñen _____ caudal; se discorren por zonas con clima chuvioso, teñen un caudal _____.

2 Que é unha vertente?

3 A que mares e océanos verten as súas augas os ríos españois?

4 Escribe se son verdadeiras (V) ou falsas (F) as seguintes afirmacións. Despois, copia correctamente as oracións falsas.

- O caudal dos ríos da vertente cantábrica é irregular e escaso.
- Os ríos da vertente atlántica son curtos.
- Os ríos da vertente mediterránea son longos porque nacen en montañas moi afastadas do mar.

5 Cal é o río máis caudaloso de España? Razona a resposta.

6 Colorea o mapa segundo se indica na lenda.



Verde

Vertente cantábrica

Rosa

Vertente mediterránea

Laranxa

Vertente atlántica

7 Relaciona cada río coa vertente a que pertence.

Texo

Cantábrica

Guadiana

Nervión

Atlántica

Segura

Ebro

Mediterránea

Eo